

CERTAME DE LITERATURA EN LINGUA GALEGA “150 ANIVERSARIO FACULTADE DE FARMACIA”, NAS MODALIDADES DE VERSO E RELATO

A Comisión Organizadora dos actos conmemorativos do *150 Aniversario da Creación da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela* convoca e **Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de A Coruña** patrocina o CERTAME DE LITERATURA EN LINGUA GALEGA “150 ANIVERSARIO FACULTADE DE FARMACIA”, nas modalidades de **VERSO** e **RELATO**, de acordo coas seguintes

BASES

1. Poderá participar calquera persoa residente en España, con orixinais no premiados anteriormente en ningún outro certame.
2. Os traballos, con liberdade de tema e forma, deberán ter unha extensión non superior a **cincuenta** (50) versos e non superior a **cinco** (5) folios na modalidade de relato.
3. Os traballos deberán presentarse por quintuplicado, en folios mecanografados ou mediante impresión informática, a dobre espacio por unha soa cara.
4. Os traballos, por correo certificado, deberán enviarse a:

Certame de Literatura 150 Aniversario
Universidad de Santiago de Compostela
Facultade de Farmacia
Campus universitario sur
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

5. No interior do sobre enviado incluírase outro máis pequeno e pechado onde se consignarán os datos persoais do autor (nome e apelidos, dirección completa, teléfono de contacto e correo electrónico).
6. O prazo de admisión dos traballos rematará o día **31 de xaneiro de 2008**.
7. Estableces un único Premio para cada modalidade dotado con **600 euros e medalla conmemorativa**.
8. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Facultade de Farmacia da USC, a cal poderá publicalos na forma que estime conveniente para a súa difusión. Os orixinais non premiados serán destruídos sen abrir os sobres identificativos.
9. O Xurado nomearase oportunamente. A súa composición darase a coñecer no momento de facerse público o fallo. Este será inapelable.
10. Os concursantes someteranse en todo as presentes bases, a interpretación das cales, mesmo a facultade de declarar desertos os premios, quedará a xuízo do Xurado.

Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2007.